

PLAN DIXITAL CRA de Oroso

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O Colexio Rural Agrupado (CRA) de Oroso está composto por 4 escolas unitarias (Deixebre, Senra, Trasmonte e Vilacide) e a sede central (Villarromarís). Impartimos o 2º ciclo de Educación Infantil e o 1º ciclo de Educación Primaria.

O cadro de profesorado para o noso centro educativo é:

CADRO DE PERSOAL

INFORMACIÓN SOBRE O CATÁLOGO DO CENTRO (INFANTIL E PRIMARIA)

	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	OC	ALC	PTC	Total
Catálogo do centro *	4	1	1	0	1	1	0	1	0	0	0	0	9
Necesidades no curso actual	4	1	1	0	1	1	0	1	0	0	0	0	9
Cubertos con destino definitivo	4	1	1	0	0	1	0	1	0	0	0	0	8

Como profesorado compartido contamos coa mestra de Relixión (compartida co CEIP Mesón do Vento) e coa orientadora (CEIPP Camiño Inglés).

No vindeiro curso 22-23, a distribución do noso alumnado será a seguinte:

	DEIXEBRE	SENRA	TRASMONTE	VILACIDE
4º INF. (3 ANOS)	1	2	2	1
5º INF. (4 ANOS)	3	2	5	0
6º INF. (5 ANOS)	1	2	2	1
1º PRIMARIA	5	2	1	5
2º PRIMARIA	7	2	5	1
TOTAIS	17	10	15	8

Neste apartado cómpre lembrar que aínda que a distribución da matrícula está recollida por niveis, os grupos de alumnado de cada escola son mixtos. Isto conleva unha das nosas principais fortalezas, o ensino multinivel, concretado no traballo por proxectos, nun desenvolvemento competencial aberto non limitado por idades biolóxicas e nunha inclusión plena de todo o alumnado.

A nosa web é: <https://www.edu.xunta.gal/centros/craoroso/>

E a nosa dirección de correo é: cra.orooso@edu.xunta.gal

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O **Concello de Oroso** engloba un total de 11 parroquias: Ánxeles, Calvente, Cardama, Deixebre, Gándara, Marzoa, Oroso, Pasarelos, Senra, Trasmonte, e Vilarromarís. A zona de maior concentración de habitantes atópase no centro do pobo, en Sigüeiro, onde se atopa o concello e a maior parte dos servizos á comunidade. A evolución demográfica foi moi cambiante ó longo dos anos, si ben a partir do ano 2010 mantense estable entre os 7000 e 7500 habitantes.

En Oroso existe unha concentración parcelaria que xunto coa climatoloxía , facilita as labores no sector primario. A maior parte das explotacións agropecuarias adócanse a produción láctea. Unha parte das terras adócanse á produción madeira, tanto para serradoiros do concello como para a venda ó exterior. O rápido crecemento e a abundancia de auga na zona fixo que o eucalipto e o piñeiro pasaran por diante de outras especies autóctonas. A actividade da horticoltura ten como fin o autoabastecemento familiar.

A proximidade a Santiago fai que o sector agropecuario deixe de ser a principal fonte de ingresos familiares pasando a cumprimentarse co traballo noutros sectores como a industria, a construción e servizos.

Desde hai uns anos Oroso conta cun polígono industrial, onde a principal actividade é a de almacenaxe e distribución de diferentes produtos. Este polígono atópase en auxe e fai que a economía da zona de un xiro cara o sector servizos.

O CRA de Oroso ten unha **ampla traxectoria na participación en programas de innovación educativa** en diversos ámbitos, todos eles relacionados de xeito directo ou indirecto co Plan Dixital. Como máis destacados citaremos:

- **PLAMBE:** Dende o curso 16-17 participamos deste programa, incluíndo de xeito transversal a biblioteca, a alfabetización informacional e a alfabetización mediática e informacional (ALFIN e AMI) nos nosos proxectos de centro. Á súa vez, integramos as novas tecnoloxías e a robótica nas bibliotecas de aula e na biblioteca central da sede.
- **Contratos – Programa:** Participamos dende o curso 18-19, solicitando varias liñas en cada curso escolar. Por ter especial relevancia co ámbito dixital, destacamos a participación en sucesivos cursos escolares na liña “Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia”, que no noso centro enfocamos a proxectos de investigación multinivel en ámbitos coma a ciencia, as artes, as TICs...
- **Plan Proxecta+:** A nosa participación neste Plan comeza no curso 15-16 e durante estes cursos desenvolvemos programas de alimentación saudable e educación viaria.
- **Pluriinfantil:** Dende o curso 18-19 o noso centro participa deste programa de mellora lingüística. Vencellado a esta iniciativa, tamén participamos da experiencia do Erasmus+, nun proxecto intercentros da nosa comarca que incluíu viaxes de formación para o noso profesorado a Irlanda e Portugal.

Xa que sempre tivemos interese por participar en iniciativas innovadoras, tamén realizamos diversas solicitudes para outras modalidades que non nos foron concedidas, coma Biblioteca Creativa, Radio na biblio ou Meteoescolas.

A participación en diversos programas levou implícita a formación do profesorado en cursos de formación, PFPP de centro, asistencia a xornadas e congresos. Nestes últimos cursos todo o profesorado do claustro realizou un enorme esforzo na formación e posta en práctica de metodoloxías innovadoras e deseño dos materiais didácticos

O **Plan Dixital será a base da nosa Programación Xeral Anual** do curso 22/23 como elemento vertebrador da nosa labor de ensino-aprendizaxe, xa que de xeito interdisciplinar terá vinculación co resto de programas de innovación educativa que desenvolveremos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

As **referencias legislativas máis importantes** son:

- ✓ Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- ✓ Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- ✓ Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Segundo a **Resolución do 3 de setembro**, os centros que impartan ensinanzas de réxime xeral con menos de oito unidades e os centros que impartan exclusivamente ensinanzas de réxime especial ou de adultos con menos de oito docentes, poderán non conformar o equipo de dinamización do Plan Dixital. Neste caso, as funcións recollidas no punto 4 deste artigo serán asumidas por un membro do equipo directivo.

No caso do **CRA de Oroso**, esas funcións foron asumidas polo director do centro. A persoa coordinadora do equipo de dinamización do Plan Dixital terá as seguintes funcións:

- a) Colaborar co equipo directivo no deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital
- b) Coordinar o equipo de dinamización do Plan Dixital.
- c) Dirixir e organizar o proceso de autoavaliación coa ferramenta SELFIE (desde o rexistro na plataforma ata a recollida de resultados e o diálogo dentro da comunidade educativa sobre os mesmos).
- d) Asesorar aos membros da comunidade educativa no desenvolvemento da ferramenta SELFIE e no deseño do Plan Dixital.
- e) Deseñar e redactar, xunto co profesorado participante no equipo, o Plan Dixital.
- f) Dinamizar o proceso de transformación dixital - dixitalización do centro educativo.
- g) Avaliar os procesos postos en marcha, a súa repercusión e a adaptación das actuacións previstas se fose preciso.
- h) Todas as funcións que fosen necesarias para o correcto desenvolvemento do deseño e aplicación do Plan Dixital.

Para desenvolver estas funcións, ao longo do curso 21-22 o **director do centro participou nas reunións formativas convocadas polo equipo ADIX** de zona, así como tamén desenvolveu a formación establecida na aula virtual habilitada ao efecto.

A Resolución do 3 de setembro establece tamén que, unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro dentro da súa autonomía asignará un **horario de dedicación á coordinación e dinamización do Plan Dixital**. Este curso 21-22 non foi posible **asignar** un horario específico de coordinación e dinamización do Plan Dixital, debido á sobrecarga de traballo de todo o claustro de profesorado e do director do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro educativo forma parte da **rede de Escolas Conectadas**, si ben a velocidade de conexión a Internet é a mínima requirida neste programa, polo que, dependendo da saturación da rede, da climatoloxía (no caso dalgunhas escolas) ou de diversos factores, a nosa conexión non ten unha gran calidade.

Contamos con **diversos tipos de equipamentos**: ordenadores de sobremesa, ordenadores portátiles, tablets, EDIs e proxectores, robótica...si ben a maior parte dos equipos están vellos e case que obsoletos. Os equipos que se foron renovando foron mercados polo centro con recursos propios ou recursos acadados pola participación en diversos programas de innovación educativa. Si ben, a adquisición destes equipos conleva a dificultade da posterior asistencia técnica, ao non ser equipos proporcionados pola propia Consellería.

Por parte do noso centro educativo **usamos múltiples plataformas corporativas** para a nosa labor docente e administrativa. Como máis destacados, citaremos:


- Páxina web do centro: Publicamos a información máis relevante para as familias: procesos de matrícula, axudas de libros e material escolar, calendario escolar e vacacións....
- AbalarMóbil: Usámolo para notificar incidencias particulares ou ben publicacións importantes na nosa web. Ademais, as titoras úsano como ferramenta de comunicación de faltas de asistencia, citación a titorías, etc...
- Aula virtual Moodle: Usámola principalmente nos cursos pasados por mor da pandemia, e na actualidade non se usa de modo frecuente.

Para o **mantemento e configuración dos equipos do centro, o dinamizador das TIC** (que é o director do centro) conta coa súa experiencia persoal, coa axuda dos técnicos da UAC e asesores Abalar. Si non é posible resolver algunha incidencia por estas vías, acudiremos a uns especialistas externos á Consellería.

Para o uso das ferramentas corporativas, así como para o uso doutras ferramentas non corporativas como redes sociais, mensaxería externa, etc...contemplamos o establecido nos **Protocolos de Protección de Datos e na Guía de Identidade Dixital** publicados no portal Educonvives.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

En primeiro lugar, tomando coma referencia o **SELFIE realizado**, a modo de resumo, inclúense os seguintes parámetros:




A Liderazgo



E Pedagogía: Apoyos y recursos



F Pedagogía: Implementación en el aula



G Prácticas de evaluación



Como segunda referencia, o **test CDD realizado polo profesorado** do centro, amosa os seguintes valores:

Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
Definitivo	5	8	62,5%
Provisional	0	1	0%
Substituto	2	3	66,7%

Do persoal Definitivo: Realizaron o test 5 docentes do total de 8 que foron convidados neste perfil. É dicir participou o 62,5% do profesorado Definitivo.

Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	76,1	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 76,1 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	76,1	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	80,8	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Na etapa de Inf.: A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 76,1 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	3	42,9%
Integrador/a (B1)	3	42,9%
Líder (C1)	1	14,3%

Distribución do profesorado por niveis

3 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 42,9%. 3 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 42,9%.

2.3. Análise DAFO

En función dos resultados do SELFIE e do CDD, así coma a reflexión sobre a situación do centro e o desenvolvemento dos recursos dixitais nos últimos cursos, elaborouse a análise **DAFO**.

FACTORES INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Esfuerzo do centro e do profesorado para conseguir recursos externos mediante participación en programas de innovación educativa e formación persoal. PFC: Hai nas aulas do centro equipamento informático mercado polo propio centro.	Non están actualizados os equipamentos e as redes Asistencia técnica insuficiente
PERSOAL DOCENTE	Suficiente participación en proxectos interdisciplinares. Úsanse recursos educativos abertos. Úsanse contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Foméntase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.	Existen diferenzas notables no nivel de competencia dixital dun sector do profesorado.
ALUMNADO	O alumnado aprende a codificar ou programar nin a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxías dixitais.	
FAMILIAS	Suficiente experiencia no emprego de plataformas educativas e/ou outros recursos dixitais por parte do alumnado e profesorado de xeito colaborativo.	Dificultades de conectividade pola situación dos domicilios no ámbito rural.

FACTORES EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta de recursos mediante programas específicos ou dotación por participación en proxectos de innovación. Oferta de formación a través de centros de formación.	Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. Falta de equipamentos e de asistencia técnica.
LEXISLACIÓN	Guías de Protección de Datos e Identidade Dixital	Cambios legislativos constantes. Dificultades coa protección de datos do alumnado. Dificultades de acceso a software específico.
ANPA	Vontade colaborativa.	
FAMILIAS	Vontade colaborativa.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Competencias Dixitais (H)						
OBXECTIVO 1: (1)	Fomentar un uso responsable das TICs polo alumnado (H1, H3)				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo e profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Número de actividades realizadas sobre a concienciación acerca do uso das novas tecnoloxías.					
Valor de partida: (3)	0 actividades realizadas					
Valor previsto e data: (4)	2 actividades formativas realizadas			1º trimestre.		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Busca e solicitude de actividades (charlas, talleres, obradoiros...) para concienciar aos colectivos indicados.	Equipo directivo, profesorado e familias.	1º trimestre	Ordenador con conexión a internet e teléfono		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Posta en práctica dos contidos tratados na formación.	Equipo directivo e profesorado	1º trimestre	Recursos que consideren as persoas que imparten a formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: apoios e recursos (E)							
OBXECTIVO 2: (1)	Promover o uso da Aula Virtual e da Nube dos CRAs de Galicia corporativa co profesorado, alumnado e familias (E3)					Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo e docentes					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades con participación de profesorado, alumnado e familias na AV ou nube polo 30% das familias.						
Valor de partida: (3)	0 actividades realizadas coa comunidade educativa con recursos dixitais corporativos.						
Valor previsto e data: (4)	10 actividades realizadas coa comunidade educativa con recursos dixitais corporativos.				Final do 3º trimestre.		
ACCIONES A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO2.1: Solicitud de cursos de formación sobre AV e nube corporativa destinada ao profesorado que o necesite.	Profesorado	1º trimestre	Solicitud e inscrición no curso de formación		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Creación dos cursos e matriculación do profesorado e alumnado na AV corporativa. Información a familias.	Persoas administradoras da AV	2º trimestre	Ordenador con conexión a internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Realización de actividades por alumnado e familias.	Profesorado e familias.	3º trimestre	Ordenador con conexión a internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)							
OBXECTIVO 3: (1)	Detectar e mellorar as necesidades do profesorado no relativo á competencia dixital (D2)				Acadado		
Responsable:	Equipo directivo e coordinador TIC				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de participación en cursos de formación vencellados coas TIC						
Valor de partida: (3)	0% de participación en curso de formación						
Valor previsto e data: (4)	30% de participación de profesorado			Final do 3º trimestre			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO3.1: Detección de carencias relativas á competencia dixital e necesidades formativas a través da realización dunha enquisa	Coordinador TIC	1º trimestre	Ordenador			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.2: Organización dunha liña de formación dentro do PFPF ou tamén a nivel individual	Profesorado	1º e 2º trimestre	Ordenador con conexión a internet			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.3: Implementación na aula dos novos recursos dixitais adquiridos na formación que enriquezan o proceso de ensino	Profesorado	3º trimestre	Equipamento necesario en cada caso			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos (C)						
OBXECTIVO 4: (1)	Actualizar parte dos equipos máis obsoletos do centro (C8)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinación TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de equipos renovados					
Valor de partida: (3)	0 equipos renovados					
Valor previsto e data: (4)	4 equipos renovados					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Elaboración dun inventario dos equipos máis obsoletos ou que teñen un peor funcionamento.	Coordinación TIC	1º trimestre	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Solicitud de presuposto en función dos equipos que se prevén cambiar.	Equipo directivo e coordinación TIC	2º trimestre	Ordenador con conexión a internet e teléfono		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Actualización dos equipos que máis urxen.	Equipo directivo	3º trimestres	Presuposto do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tomando coma principal **referencia o documento proporcionado por AMTEGA** para a elaboración do Plan Dixital, podemos establecer as nosas necesidades nas seguintes categorías:

- Aulas dixitalizadas con conectividade e posibilidade de visualización e interacción: Precisamos a renovación dos nosos EDI (Encerados Dixitais Interactivos) ou ben a dotación de pantallas interactivas, para evitar o uso do proxector, co deterioro progresivo e a incomodidade para o alumnado de curta idade (fai sombra, non chega a toda a superficie..). A conexión á internet é de moi Baixa velocidade para o traballo de diversos programas e aplicacións que precisan de conexión en tempo real.
- Postos de traballo de xestión e administración do centro: Cada escola unitaria precisa, cando menos, dun ordenador portátil con suficiente capacidade para o traballo das/dos mestras/es e que poida ser susceptible de uso polo alumnado. Os equipos actuais son moi vellos ou teñen pouca capacidade (memoria, procesador..).
- Uso na biblioteca: como xestión de catálogo de libros, como consulta,...precisamos un equipo máis actualizado e con máis prestacións para que sirva como equipo básico de biblioteca.
- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos: Na sede do CRA non hai equipos actualizados en número suficiente.

4. Avaliación do plan

Para facer o seguemento do desenvolvemento deste Plan, de xeito trimestral faremos unha reflexión sobre a súa evolución, para poder reorientar a nosa acción. Analizarase no marco das sesións de avaliación, xunto co desenvolvemento das programacións docentes, ao ter unha relación directa coa práctica habitual na maior parte das actividades planeadas para o traballo dos contidos co alumnado.

Baseándonos na avaliación trimestral, ao final de curso faremos unha reflexión en profundidade do grao de consecución dos obxectivos propostos. Tendo esta referencia do grao de consecución, planearemos os obxectivos a acadar o vindeiro curso, así coma as propostas de mellora para acadalos.

5. Difusión do plan

Unha vez debatido no claustro e aprobado no Consello Escolar, este Plan difundirase ás familias do alumnado xunto coa información de principio de curso na nosa páxina web. Comunicaremos ás familias do alumnado a publicación deste e doutros documentos mediante unha mensaxe de abalarMóbil.